

PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe Santo Ángel



Colegio Santo Ángel
Calasancias Ourense

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**



1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CPR plurilingüe Santo Ángel, é un Centro Privado Concertado mixto situado na cidade de Ourense.

Na actualidade é un centro integrado no que se imparte ensino de E. Infantil, E. Primaria, E. Secundaria Obrigatoria e E. Especial. Conta cun total de 525 alumnos/as e 41 profesores/as.

Sitio web: www.colegiosantoangel.net

Correo de contacto: info@colegiosantoangel.net

- Características do Colexio:

- Instalacións:

Consta de dous pavillóns. Un máis antigo, que está adicado a Salas de usos Múltiples, Salón de actos, capela e patio de recreo de E. Infantil.

O outro pavillón consta de catro plantas, unha planta baixa e un ático distribuídas do seguinte xeito:

PLANTA BAIXA: Recepción, Administración, Secretaría, Dirección, patio de recreo, Ximnasio, Aula de usos múltiples, Titularidad, comedor, salas de visitas e dúas Aulas de 4º de E. Infantil.

PLANTA PRIMEIRA: Aulas de 5º e 6º de E. Infantil e do 1º Ciclo de Primaria, Departamento de Orientación.

PLANTA SEGUNDA: Aulas de 2º e 3º Ciclos de Primaria e sala de profesores.

PLANTA TERCEIRA: Aulas do 1º Ciclo da ESO, Laboratorio, aula de Plástica, Psicomotricidade, Xefatura de Estudos e Despacho do orientador

PLANTA CUARTA: Aulas do 2º Ciclo da ESO, Sala de Profesores, Aula de Informática, Biblioteca e Aula de Música.

En todas as plantas hai un número suficiente de aseos para nenos e nenas independentemente.

ÁTICO: Está a clase de tecnoloxía.

- Educación que imparte:

Na actualidade é un centro integrado no que se imparte ensino de E. Infantil, E. Primaria e Ed. Secundaria Obrigatoria. Ten autorización e está subvencionado para:

- 6 aulas de Infantil
- 12 de educación Primaria
- 8 de Educación Secundaria
- 1 aula de Educación Especial



1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURALES

O Colexio Plurilingüe “ Santo Ángel” está situado no barrio de “ O COUTO”, entre as rúas Vila Real, Ervedelo e Avda. de Portugal .É unha zona urbana e o acceso ao Centro é doado pola proximidade das súas vivendas.

O nivel socio-económico das familias é medio así como tamén o nivel socio cultural. Isto ten unha clara repercusión no rendemento dos alumnos/as e na valoración que os pais fan da educación dos seus fillos/as. . A profesión dos pais/nais é case toda do sector Servizos, pero tamén hai unha porcentaxe de familias que se atopan nunha situación máis precaria, derivada da inmigración ou situación laboral, que están a precisar de becas.

A relación e a cooperación coas institucións tanto públicas coma privadas é boa. Dáse gran colaboración e participación en actividades organizadas por entes públicos, coma o Concello ou a Diiputación e tamén cos centros Escolares Públicos e Concertados da zona .

É un centro con ideario católico que dá resposta ao desexo de educación cristiá que manifestan moitas familias. En actitude de respecto, permanece aberto a todo o que desexe o tipo de educación que nel se imparte.

Fundamenta a súa acción educativa nun concepto cristián do home e do mundo, nun estreito contacto coa Igrexa local.

O noso proxecto educativo pretende levar a cabo unha acción pedagóxica que atenda de forma equilibrada ás dimensións que interveñen na formación da personalidade: desenvolvemento afectivo, social, corporal, intelectual e moral.

INTEGRACIÓN DO PLAN DIXITAL NO CENTRO

A finalidade do noso Centro educativo é que o alumnado aprenda e fórmese como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna. O Plan Dixital de Centro encaixa no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios. .

O Plan Dixital incluírase no Proxecto Educativo do Centro, co fin de promover e garantir o desenvolvemento dun marco de acción que permita acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Segundo se recolle da Memoria Final do curso 2021-2022 recollemos as seguintes propostas de mellora relacionadas con Plan Dixital:

- Reforzar, dende cada materia, as actividades relacionadas coas TIC.
- Continuar empregando diferentes metodoloxías e innovar a nosa forma de ensinar segundo as necesidades do noso alumnado e das circunstancias que se presenten.
- Atender á brecha dixital dos nosos alumnos/as intentando paliar na medida do posible.
- Implicar ás familias na formación e seguridade dixital dos seus fillos/as.
- Participar no Proxecto Erasmus +.
- Dependendo da situación pandémica, recuperar a participación nos proxectos colaborativos entre etapas do alumnado e profesorado do centro

Na PXA vemos obxectivos directamente relacionados coa dixitalización, tanto do centro coma da sociedade:

- **Continuar formando no uso das TIC á Comunidade Educativa para promover a mellora dos procesos de comunicación e no beneficio da aprendizaxe dinámica, didáctica e experiencial; aumentando a motivación e interese do alumnado:** obxectivo para o que o Plan Dixital vólvese imprescindible.
- **Educar ao alumnado na autonomía e responsabilidade** : O Plan Dixital fará seu este obxectivo , pero concretándolo no mundo virtual.
- **Entrar no proxecto Erasmus+**

TRAXECTORIA DO NOSO CENTRO NO USO DAS TIC

O profesorado do Centro realizou diversos cursos de formación para o manexo das TIC polo que hai un uso cotiá do medio informático como fonte de recursos e ferramenta básica para aplicar na clase.

No curso 19-20 implantouse a Plataforma E-Dixgal nos cursos do 1º Ciclo de Educación Secundaria. Durante o curso escolar 21-22, comezouse a traballar con ela nos cursos do 2º Ciclo de Educación Secundaria.

No curso 2020-21 o profesorado formouse no uso das ferramentas Google workspace for Education.

No curso 2021-22 levouse a cabo un curso de formación para todo o profesorado do centro sobre ferramentas TIC de avaliación auténtica.

Para finalizar indicar que el centro xa dispuña dun Plan de Tecnoloxías Dixitales Educativas que quedará englobado dentro de este Plan de Digitalización do centro.



1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no **artigo 111 bis**, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O **artigo 132** da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A **disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

A **Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4. Proceso de elaboración

Ao longo do curso 2021-2022, o centro elaborou o documento do Plan Dixital para que sirva de referencia a toda a comunidade educativa, de xeito que no curso 2022-2023 a súa aplicación sexa efectiva.

Para o deseño e elaboración do Plan Dixital púxose a disposición de toda a comunidade educativa, a través do portal educativo, un espazo específico de competencia dixital na que se recolleu toda a información e ferramentas para o seu desenvolvemento.

O procedemento a seguir foi:



1. Realización da análise da situación do centro a través das ferramentas para a diagnose de situación SELFIE e Test de Competencia Dixital Docente.

a) Informe SELFIE

Para a diagnose da situación en relación a competencia dixital, o centro usou a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE). Esta ferramenta, está desenvolvida pola Comisión Europea ao abeiro do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg).

b) Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD)

De xeito complementario, o profesorado realizou o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2), polas áreas deste Marco e devolve un detallado feedback.

Así mesmo, esta plataforma xerou un Informe de Centro.

2. Realización da diagnose de situación do centro.

a) A partir do Informe SELFIE, o centro xerou un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) que permite a análise de situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.

b) O Informe Individual do test CDD permitiu ao centro educativo avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFPP.

3. Deseño e elaboración do Plan Dixital

4. Aprobación do Plan Dixital

O Plan Dixital será aprobado pola Dirección do centro unha vez oído o claustro e será e levado como informe ao Consello Escolar.

5. Implementación do Plan no curso 2022-2023 e proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Os recursos informáticos dos que dispón o centro pónense a disposición do proxecto, e que en síntese son os seguintes:

- Infraestrutura dixital:
 - 1 servidor Linux con tarefas de cortafogos e control de contidos
 - 1 servidor en Windows Server 2008 son funcións de centralización de datos e controlador de dominio
 - WIFI xeolocalizada en todo o recinto do colexio (aulas, patios, lugares comuns,..)

- Equipamento:
 - Aulas dixitalizadas: 6 aulas de Ed. Infantil, 12 de Ed. Primaria, 5 aulas de ESO, aula de música.
 - Proxecto E-Dixgal na ESO cun ordenador por alumno
 - 28 ordenadores, un proxector e altosfalantes na aula de informática.
 - 4 aulas de ESO con ordenador, proxector, altosfalantes e conectividades a Internet.
 - 4 ordenadores con conexión a Internet nas salas de profesores e dúas fotocopiadora en red.
 - 1 ordenador conectado a unha televisión na biblioteca.
 - 6 cámaras web
 - Ordenadores nos despachos de Titularidad, Dirección, Administración e Secretaria, así como unha fotocopiadora en Secretaría e unha impresora no despacho de Dirección.
 - Proxector, DVD fixos e portatil con conexión a internet no Salón de Actos
 - Ordenadores na aula de Orientación e no despacho do Orientador.
 - 1 ordenador na recepción conectado coa impresora
 - 1 ordenador no hall do colexio para uso dos pais, nais e alumnos do centro
 - 2 Ipad de uso dos alumnos no departamento de Orientación para Primaria.

- Servizos dixitais educativos:
 - Páxina web e redes sociais (Instagram, Youtube e Facebook) do centro.
 - Plataforma EDUCAMOS
 - Plataforma GOOGLE WORKSPACE FOR EDUCATION para os alumnos do centro
 - Plataforma E-dixgal en ESO
 - A3doc xestión documental do centro.
 - CitrixReceiver plataforma de xestión administrativa
 - Centrosprivados plataforma da Xunta de Galicia para a xestión do persoal contratado do pago delegado do centro.
 - Utilización de certificado dixital para as xestións administrativas.
 - Aplicación de firma electrónica e facturación electrónica factura-e.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro

O mantemento informático está a cargo dunha empresa externa ao centro (Dixitalgou SL).

- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

- Plan de Continxencia:

<https://www.colegiosantoangel.net/wp-content/uploads/plan-de-contingencia.pdf>

- Proxectos dixitais no centro (iniciación robótica, DigiCraft, E-dixgal,...):

<https://www.colegiosantoangel.net/como-trabajamos/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Análise SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	4.1	4.1
	Profesorado	4	4.4
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.8	4.4
	Profesorado	3.7	4.3
	Alumnado	3.7	3.5
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.4	4.4
	Profesorado	4	4.5
	Alumnado	5	4.1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.9	4.2
	Profesorado	3.9	4.5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.9	4.6
	Profesorado	4.1	4.6
	Alumnado		4.3
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.7	4.3
	Profesorado	3.5	4.3
	Alumnado	4.5	3.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8	4
	Profesorado	2.8	3.8
	Alumnado		3.4
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.6	4.1
	Profesorado	3.7	4.5
	Alumnado	4.1	3.9

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
LS1 - Substituto	3	5	60%
L01 - Laboral	36	39	92,3%
L03 - Autónomos relixiosos	3	3	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
87,8	INTEGRADOR/A (B1)	76,4	INTEGRADOR/A B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	74,4	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	112,3	Experto/a (B2)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri.	76,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
ENR	38	Explorador/a (A2)	75,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	12	28,6%
Integrador/a (B1)	14	33,3%
Experto/a (B2)	12	28,6%
Líder (C1)	3	7,1%
Pioneiro/a (C2)	1	2,4%
TOTAL	42	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>O centro dispón dunha excelente red de datos, que permite un bo acceso a internet dende todas as aulas (C3)</p> <p>O centro coñece e difunde a política de protección de datos entre todos os grupos de interese (C7)</p> <p>A etapa de secundaria dispón de dispositivos portátiles individuais para que o alumnado poida levalos para casa e empregalos na aula (C8)</p>	<p>O centro non dispón de dispositivos portátiles na etapa de primaria para que o alumnado poda levalos para a casa e empregalos para realizar as súas tarefas, e tampouco teñen suficientes dispositivos para traballar na aula (C 10)</p>

	PERSOAL DOCENTE	<p>O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para comunicacións relativas ao centro educativo (E4)</p> <p>O profesorado busca recursos educativos dixitais en internet (E1)</p> <p>O profesorado utiliza recursos dixitais para adaptarse a las necesidades específicas de los alumnos (F4)</p>	<p>O profesorado fomenta pouco a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxías dixitais (F6)</p> <p>Poucas veces o profesorado emprega as tecnoloxías dixitais para a autoevaluación, coevaluación e retroevaluación (prácticas de avaliación) (G1 e G3)</p>
	ALUMNADO	<p>O centro ensina ó alumnado a actuar de maneira responsable en internet (H)</p> <p>O centro dispón de dispositivos dixitais para a aprendizaxe (C8)</p>	<p>O alumnado carece das ferramentas necesarias e non está suficientemente formado para identificar fontes fiables na rede e recoñecer o traballo doutras persoas que atopan en internet (H4)</p>
	FAMILIAS	<p>As familias do centro dispoñen de dispositivos dixitais na casa, adecuado para realizar o traballo.</p>	<p>Escaso nivel formativo dunha gran parte das familias (C11)</p>

	OFERTA	<p>O centro dispón dunha estratexia dixital (A1)</p> <p>No noso centro respectamos os dereitos de autor e as licencias de uso cando emprega as tecnoloxías dixitais para a ensinanza e a aprendizaxe (A5 OP)</p>	<p>O profesorado carece de tempo para mellorar o seu método de ensinanza empregando as tecnoloxías dixitais (A4 OP)</p>
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<p>Todo o profesorado ten acceso a formación continua no ámbito das tecnoloxías dixitais (A4 OP)</p>	<p>No centro carécese de espazos físicos suficientes dotados de equipos dixitais na etapa de Educación Primaria (C 14)</p>

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A Administración educativa aposta por unha educación dixital (A1 e A3)	Falta de persoal para realizar todas as tarefas que implica unha educación dixital de calidade
	LEXISLACIÓN	Introdución de contidos relacionados coa dixitalización en todas as materias.	Excesiva burocracia que supón unha sobrecarga do persoal docente (A4) Cambios continuos no currículo educativo (A4)
	ANPA	A ANPA propón iniciativas e participa nas actividades propostas dende o centro	Pouca implicación na dixitalización do Centro (A1)
	CONTORNA	O Centro se sitúa nunha zona urbana cun bo acceso a rede de internet (C 11)	Existencia dunha grande cantidade de familias cun medio económico medio-baixo que pode dificultar a alfabetización dixital do alumnado (C11)
	OUTRAS ENTIDADES	Aumento da oferta de actividades relacionadas coas novas tecnoloxías (B3)	oucas entidades que oferten actividades de competencia dixital e moita demanda por parte dos centros educativos da contorna (B3 e A6)

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

“Áreas de mellora”: Prácticas de avaliación (G)						
1.	OBXECTIVO:	Utilizar as TIC como medio de perfeccionamento da actividade docente a través do seu emprego, da información que delas se poida sacar, e do planteamento pedagóxico que para elas teña (G1)			Acadado	
	RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos			Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesores que presentan evidencias do uso das TIC na avaliación (Instrumento: cuestionario)				
	Valor de partida	10% de profesorado que presentan evidencias de uso das TIC na avaliación				
	Valor previsto e data	60% de profesorado que presentan evidencias de uso das TIC na avaliación		30 de Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Emprego de diferentes ferramentas dixitais para a autoavaliación, coavaliación e retroavaliación.	Coordinador de Departamento	30 de xuño de 2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Ferramentas TIC do curso de avaliación auténtica. Recursos humanos: Profesorado do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer un banco de recursos de ferramentas e/ou aplicacións dixitais.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	30 de xuño de 2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Plataforma Educamos. Recursos humanos: Profesorado do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Pedagogía: implementación na aula (F)

2. OBXECTIVO:	Fomentar a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando tecnoloxías dixitais. (F6)			Acadado		
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de proxectos interdisciplinares levados a cabo por curso (Instrumento: revisión de actividades trimestrais)					
Valor de partida	1 proxecto interdisciplinar levado a cabo por curso					
Valor previsto e data	3 proxectos interdisciplinares levados a cabo por curso			30 de Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Crear grupos de traballo para organizar e desenvolver proxectos interdisciplinares	Xefatura de estudos e Coordinador de Etapa	30 de xuño de 2023	Recursos humanos: Persoal docente Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Ferramentas TICS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Crear un repositorio de proxectos realizados	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	30 de xuño de 2023	Recursos humanos: Persoal docente Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Ferramentas TICS		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Participar en proxectos eTwinning	Coordinador Erasmus+	30 de xuño de 2023	Recursos humanos: Persoal docente Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Plataforma eTwinning		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Competencias dixitais do alumnado (H)

3. OBXECTIVO:	Saber utilizar ferramentas de busca de información, identificando contido falso, verificando imaxes, ubicando fontes verificables e unha navegación segura. (H4)	Acadado	
RESPONSABLE:	Titores e Equipo de Dinamización do Plan Dixital	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades realizadas para a formación do alumnado sobre navegación e fontes seguras (Instrumento: revisión de actividades trimestrais)		
Valor de partida	0 actividades realizadas para a formación do alumnado sobre navegación e fontes seguras		
Valor previsto e data	2 actividades realizadas para a formación do alumnado sobre navegación e fontes seguras	30 de Xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Organización de charla relacionada coa busca de información en Internet.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	30 de xuño de 2023	Recursos humanos: Titores e ponentes Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Dispositivos portátiles Aula con acceso a Internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación dun aula virtual de dudas e asistencia ao alumnado	Profesores de TIC	30 de xuño de 2023	Recursos humanos: Profesorado do centro/ Equipo de Dinamización do Plan Dixital Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Dispositivos portátiles Plataforma dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos (C)

4. OBXECTIVO:	Ampliar a competencia dixital de cara ás familias (C11)			Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo de Dinamización do Plan Dixital e Equipo de Comunicación			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades e acción realizadas para ampliar a competencia dixital das familias					
Valor de partida	0 actividades realizadas para ampliar a competencia dixital das familias					
Valor previsto e data	2 actividades realizadas para ampliar a competencia dixital das familias			30 de Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Creación de vídeos tutoriais formativos	Equipo de Comunicación		Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: cámara web Recursos humanos: Encargado de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Publicación dos vídeos na canle de Youtube do centro	Equipo de Comunicación	30 de xuño de 2023	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Dispositivos dixitais Canle de Youtube Recursos humanos: Encargado de comunicación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Charla ao inicio de curso para explicar o uso da Plataforma de comunicación Educamos.	Equipo de Comunicación	30 de Outubro 2022	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais: Aula/s con acceso a Internet Dispositivos dixitais Recursos humanos: titores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Pedagogía: implementación na aula (F)

5. OBXECTIVO:	Adaptar actividades de aprendizaxe dixitais ás necesidades do alumnado de incorporación tardía (F1)			Acadado		
RESPONSABLE:	Departamento de Orientación			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades adaptadas ao remate do mes de incorporación ao centro do alumno/a					
Valor de partida	Non aplica (se datos previos)					
Valor previsto e data	5 actividades adaptadas		Un mes despois da incorporación do/a alumno/a			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Convocar reunión co dep. de orientación para a selección das competencias nas que se fará adaptación e as materias implicadas	Departamento de Orientación	Na semana de incorporación do alumno/a ao centro	Expediente do alumno/a e outros informes individualizados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Adaptar os contidos as necesidades	Profesor da materia	Dúas semanas despois da reunión previa	Dispositivos, infraestrutura e servizos dixitais Software específico para a adaptación dos contidos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Implementar as adaptación na aula	Profesor da materia	Dúas semanas despois da reunión previa	Contidos/actividades adaptadas creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Infraestructuras e equipamento (C)						
6.	OBXECTIVO:	Actualizar os dispositivos dixitais (C8)			Acadado	
	RESPONSABLE:	Persoa coordinadora das TIC			Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de equipos actualizados				
	Valor de partida	0 % do equipamento dixital actualizado				
	Valor previsto e data	50% de equipamento dixital actualizado		30 de Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Determinar as necesidades de cada equipo.	Persoa coordinadora das TIC	30 de Setembro 2022	Recursos humanos: Docentes TIC Personal de mantemento dos equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Solicitar e instalar os discos duros sólidos e a ampliación da memoria RAM dos equipos máis obsoletos	Persoa coordinadora das TIC. Persoa administradora do centro	Outubro 2022- Xuño 2023	Recursos humanos: Docentes TIC Personal de administración Personal de mantemento dos equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Equipamento:
 - 2 ordenadores para a biblioteca para consultas do alumnado.
 - 4 pizarras dixitais para as aulas de ESO que non as teña.
 - Ordenador, proxector, altofalantes e pizarra dixital para a aula de Ed. Especial.
 - Equipos ultraportátiles para unha aula móbil de uso dos alumnos de Ed. Primaria.
 - Reposición de equipos en aulas para posto docente e en áreas de xestión e administración do centro. (Aproximadamente 50% deste equipamento necesita ser substituído por antigüidade).
 - Reposición total da aula de informática (30 postos escolares)
 - Remodelación do equipamiento dixital de aula: pizarras dixitais interactivas, proxectores, equipos multimedia que por antigüidade tamén é necesaria a súa substitución.
 - Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas como son a mellora da conectividade por cable, pérdese a conexión por Wiffi en algunhas das zonas no edificio.
 - Mellora na xestión do servizo de comedor para facilitar a comunicación coas familias usuarias deste servizo mediante servizo dixital e PDA que melloren a xestión.

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do PA

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas materialícense.

Para levar a cabo a avaliación, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
- A ferramenta de avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do Centro. Recoméndase realizar anualmente a final de curso.
- A avaliación da Competencia Dixital do alumnado a través de SELFIE, preferiblemente a final do curso.

Se realizarán as seguintes actuacións para avaliar o alcance e eficacia deste Plan de Actuación:

- Enquisa satisfacción aos alumnos: adecuación dos materiais tic e o seu aproveitamento.
- Enquisa satisfacción aos profesores sobre o aproveitamento e progreso alcanzado nas súas materias/áreas
- Enquisa satisfacción aos pais dos alumnos referentes ao nivel de aproveitamento das novas tecnoloxías nos seus fillos e a integración das novas aprendizaxes no contexto da súa familia
- Valoracións recibidas do Claustro de profesores, nas súas distintas reunións, sobre o avance na implantación das Novas Tecnoloxías no centro.
- Observacións tomadas do Equipo Directivo relativas ao uso e optimización de medios contemplados no Plan Dixital
- Utilización de indicadores propios do sistema de xestión da calidade

4.2. Propostas de mellora

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe evaluativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos. O informe de progreso formará parte da Memoria anual do Centro.

A avaliación procesual realizarase nas Actas trimestrais de Ciclo.

5. Difusión do plan

Consideramos esencial a difusión do noso Proxecto. Con este obxectivo crearemos un plan de difusión do mesmo no que quedarán reflectidos os mecanismos articulados para que a información poida chegar a todos os grupos de interese.

Os ítems mínimos a recoller en dito plan de difusión do Proxecto a través de:

- Páxina web
- Redes sociais: Instagram, Facebook,...
- Canles da Institución: Red interna e Educamos.
- Presentación Claustro, Consello Escolar, ANPA, PAS,...